

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 2 de xullo de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,10 horas do día dous de xullo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(750).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(751).- APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO ESPECTÁCULO "DOS PAJAROS CONTRAATACAN". APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 111/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 28.06.2012, conformado pola concelleira

da área e polo concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 22.06.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 28.06.2012, conformado polo Interventor Xeral. a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o prego de prescripcóns técnicas particulares redactado polo xefe do servizo de xestión e promoción cultural con data 11 de xuño pasado, para a contratación da prestación de servizos para actuación artística do espectáculo “Dos pájaros contraatacan (Joan Manuel Serrat e Joaquín Sabina)” o 16 de agosto no IFEVI.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares redactado xefe da oficina administrativa de Contratación con data 28 de xuño pasado, para a citada contratación.

3.- Autorizar un gasto por importe de 178.200 € máis o 18 % (32.076 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un total de 210.276 (DOUS CENTOS DEZ MIL DOUSCENTOS SETENTA E SEIS) EUROS, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente, para facer fronte á citada contratación.

4.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCSP, por razóns de dereitos de exclusiva sobre o espectáculo proposto, coa empresa YMAX PRODUCCIONES S.L., CIF B-80596059, posuidora dos citados dereitos segundo escrito aportado de data 30 de marzo e que figura no expediente.

5.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 320.1 do TRLCSP.

3(752).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO, EN POSTOS CORRESPONDENTES Á AREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS. EXPTE. 23121/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Organización e da técnica de Avaliación e Planificación de RR.HH., do 23.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 31.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Modificar puntualmente a Relación de Postos de Trabajo municipal, e en consecuencia crear a Área de Cultura, Festas e Museos.- código 328, programa funcional 334.0, segundo petición efectuada en escrito de data 19/03/2012 da Concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, incorporado ao expediente administrativo.

SEGUNDO.- Modificar puntualmente a Relación de Postos de Trabajo municipal e en consecuencia dispoñer a transformación do posto cód 293 “Técnico Superior de Museos” , redenominando o mesmo como “ Xefe Servizo Pinacoteca Municipal” e adscribindo o referido posto ao Servizo de Museos, cód. 014.

TERCEIRO.- “Modificar puntualmente a Relación de Postos de Trabajo municipal, e en consecuencia dispoñer a reasignación dos postos de traballo denominados:

Xefe Servizo Xestión e Programación Cultural, cod 40, actualmente adscrito ao Servizo de Cultura, a Área de Cultura Festas e Museos, cód. 328, ao obxecto de coordinar, planificar e supervisar administrativa e orzamentaria e de programación, dos servizos da Área de Cultura e Festas e, a asistencia á Concelleira delegada da referida área, segundo a encomenda de funcións asinada polo Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 19 de xullo de 2011.

Reasignación dun posto de administrativo, cód. 105, actualmente adscrito ao Servizo de Cultura, a Área de Cultura, festas e Museos, cód. 328.

Redenominación do posto cód.269-Xefe /a Animación Sociocultural, pola de Xefe/a Servizo Festas.

Reasignación do posto cód. 51-Director Verbum-Casa das Palabras, ao Servizo de Museos, cód. 014.

Reasignación do posto cód. 288-Xefe Museos Municipais, ao Servizo de Museos, cód. 014.

Redenominación do posto cód. 52-Técnico/a Actividades Turísticas, pola de Técnico/a Actividades Culturais e Educativas, e posterior reasignación ao Servizo de Museos, cód. 014.

Reasignación do posto cód. 105-Administrativo/a, do Servizo de Cultura ao Servizo de Museos, cód. 014.

Reasignación do posto cód. 138-Auxiliar, do Servizo de Cultura ao Servizo de Museos, cód. 014.

Reasignación do posto cód. 253-Encargado Instalacións Culturais, do Servizo de Cultura ao Servizo de Museos, cód. 014.

Reasignación do posto cód. 147-Axudante de Oficinas, do Servizo de Cultura ao Servizo de Museos, cód. 014.

Reasignación do posto cód. 158-Operario, do Servizo de Cultura ao Servizo de Museos, cód. 014.

CUARTO.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar a cobertura orzamentaria as propostas de modificacións da Relación de Postos de Trabajo.

Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Concelleiro/as-delegados/as e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

4(753).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA VIGO RUGBY CLUB PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA DIVISIÓN DE HONRA, DESENVOLVIDO NO PERÍODO ENTRE O 1.03.2012 E O 30.06.2012, VINCULADO A TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11316/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 12.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 27.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Club para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría División de Honra desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.
- SEGUNDO: Aprobar o gasto de 15.000,00 €. a favor da entidade Vigo Rugby Club co CIF: G-36680924 con enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6ºC en Vigo, e numero de conta corrente 0031.0015.82.1011001653. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.
- TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Ramón González-Babé Iglesias como presidente da entidade Vigo Rugby Club CIF nº G-36680924 e enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6ºC en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11316-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Vigo Rugby Club conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Vigo Rugby Club desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Club.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de elite da entidade Vigo Rugby Club desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Vigo Rugby Club non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11316-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Rugby Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Vigo Rugby Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Club unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades do equipo de elite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste

caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de elite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2012.

5(754).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ENTIDADE DEPORTIVA CLUB VIGO VOLEIBOL PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA SUPERLIGA DE VOLEIBOL, DESENVOLVIDO NO PERÍODO ENTRE O 1.03.2012 E O 30.06.2012. EXPTE. 11310/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes proposta do director deportivo do IMD, do 8 e 26.06.2012, conformados polo concelleiro delegado de Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 19.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1ª Proposta:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Vigo Voleibol para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Superliga de Voleibol desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G.36658219 con enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC en Vigo, e número de conta corrente: 2080.5100.1030.4000.6352. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

2ª Proposta:

PRIMEIRO: Aprobación da resolución de concesión de subvención directa a favor da entidade deportiva Club Vigo Voleibol para a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Superliga de Voleibol desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012,

vinculado á tempada deportiva 2011/2012, de acordo coas cláusulas contempladas no convenio que se anexa a este expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G.36658219 con enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC, en Vigo.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

a) 5.666,15€ serán abonados directamente o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Club Vigo Voleibol polos usos deportivos do equipo de elite.

b) 14.333,85€ serán abonados directamente a entidade Club Vigo Voleibol co G.36658219 con enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC, en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.5100.1030.4000.6352. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar o convenio que regula esta subvención directa coa entidade Club Vigo Voleibol co G.36658219.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Guillermo Touza Rodríguez, como presidente da entidade Club Vigo Voleibol CIF nº G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm.11310-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Vigo Voleibol conta cun equipo de elite que participa na categoría Superliga de Voleibol desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.10 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Vigo Voleibol.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade Club Vigo Voleibol desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Club Vigo Voleibol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11310-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Vigo Voleibol o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Vigo Voleibol comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Vigo Voleibol na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Vigo Voleibol (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Vigo Voleibol unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.10 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades do equipo de elite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2012.

6(755).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA CORUXO F.C. PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA SEGUNDA DIVISIÓN B, DESENVOLVIDO NO PERÍODO ENTRE O 1.03.2012 E O 30.06.2012, VINCULADO A TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11312/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 8.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 18.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Coruxo F.C. para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Segunda División B desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 25.000,00 €. a favor da entidade Coruxo F.C. co CIF: G-36708212 con enderezo social na rúa Carretera do Bao S/N, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5027.20.3040004302. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO F.C. VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade Coruxo F.C. CIF nº G-36708212 e enderezo social na rúa Carretera do Bao S/N, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11312-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Coruxo F.C. conta cun equipo de elite que participa na categoría Segunda División B desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Coruxo F.C. desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.17 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade deportiva Coruxo F.C..

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coaduxar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de elite da entidade Coruxo F.C. desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Coruxo F.C. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11312-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Coruxo F.C. o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Coruxo F.C. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Coruxo F.C. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Coruxo F.C. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Coruxo F.C. unha subvención por importe de 25.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.17, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións

ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de

procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2012.

7(756).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA Á FEDERACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS, PARA A CELEBRACIÓN DO CTO. DO MUNDO DE PESCA SUBMARINA, QUE SE VAI CELEBRAR NA CIDADE ENTRE O 5 E 8 DE XULLO DE 2012. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 11317/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 12.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 25.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa á Federación Galega de Actividades Subacuáticas, para a celebración do Cto. do Mundo de Pesca Submarina, que se vai celebrar na cidade entre o 5 e o 8 de xullo de 2012 e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución que se achega con este expediente.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto de 10.000,00€ a favor da entidade Federación Galega de Actividades Subacuáticas, CIF: G-15108319, e con enderezo social na 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. O pagamento realizarase mediante transferencia Bancaria con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

8(757).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ENTIDADE DEPORTIVA TRAVIESAS HOCKEI CLUB PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA OK LIGA FEMININA, DESENVOLVIDO NO PERÍODO ENTRE O 1.03.2012 E O 30.06.2012. EXPTE. 11323/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes proposta do director deportivo do IMD, do 14 e 26.06.2012, conformados polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 27.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización,

do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1ª Proposta:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Traviesas Hockey Club para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría OK Liga desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 10.000,00 €. a favor da entidade Traviesas Hockey Club co CIF: CIF: G-36680239 con enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5000.67.3040247255. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

2ª Proposta:

PRIMEIRO: Aprobación da resolución de concesión de subvención directa a favor da entidade deportiva Traviesas Hockei Club para a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría ok Liga Feminina desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012, de acordo coas cláusulas contempladas no convenio que se anexa a este expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 10.000,00 €. a favor da entidade Traviesas Hockei Club CIF: G-36680239 con enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

a) 2.380,15€ serán abonados directamente o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Traviesas Hockei Club polos usos deportivos do equipo de elite.

b) 7.619,85€ serán abonados directamente a entidade Traviesas Hockei Club CIF: G-36680239 con enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5000.67.3040247255. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar o convenio que regula esta subvención directa coa entidade Traviesas Hockei Club CIF: G-36680239.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, dona Marta González Pérez como presidente da entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas, 20, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm.11323-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Traviesas Hockey Club conta cun equipo de élite que participa na categoría ok IIGA desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Traviesas Hockey Club desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva Traviesas Hockey Club.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadruar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade Traviesas Hockey Club desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Traviesas Hockey Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo,

segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11323-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Traviesas Hockey Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Traviesas Hockey Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Traviesas Hockey Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Traviesas Hockey Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Traviesas Hockey Club unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período

comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a

través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2012.

9(758).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO XUVENIL PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA LIGA FEV FEMININA, DESENVOLVIDO NO PERÍODO ENTRE O 1.03.2012 E O 30.06.2012, VINCULADO A TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11315/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 8.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 15.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Liga FEV Feminina desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 10.000,00 €. a favor da entidade: C.D. Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 con enderezo social na rúa Núñez de Balboa, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.0567.0830.4000.4268. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis CIF nº G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, 3º Dcha. en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11315-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis CIF nº G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, 3º Dcha. en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga FEV Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.

- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11315-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de elite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de

Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2012.

10(759).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ENTIDADE DEPORTIVA C.D. BOSCO, PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA LIGA FEMININA DE BALONCESTO, DESENVOLVIDO NO PERÍODO ENTRE O 1.03.2012 E O 30.06.2012. EXPTE. 11309/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes proposta do director deportivo do IMD, do 7 e 26.06.2012, conformados polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica, do 15.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1ª Proposta:

- PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. Bosco para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Liga Feminina de baloncesto desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.
- SEGUNDO: Aprobar o gasto de 37.500,00 €. a favor da entidade C.D. Bosco co CIF: G-36692317 con enderezo social na rúa Condesea Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5000.6830.4028.3524. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.
- TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

2ª Proposta:

- PRIMEIRO: Aprobación da resolución de concesión de subvención directa a favor da entidade deportiva C.D. Bosco para a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Liga Feminina de baloncesto desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012, de acordo coas cláusulas contempladas no convenio que se anexa a este expediente.
- SEGUNDO: Aprobar o gasto de 37.500,00 €. a favor da entidade C.D. Bosco co CIF: G-36692317 con enderezo social na rúa Condesea Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- a) 19.612.05 €. serán abonados directamente o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade C.D. Bosco polos usos deportivos do equipo de elite.

b) 17.887,95 €, serán abonados directamente a entidade. C.D. Bosco co CIF: G-36692317 con enderezo social na rúa Condessa Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5000.6830.4028.3524. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar o convenio que regula esta subvención directa coa entidade C.D. Bosco co CIF: G36692317.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. BOSCO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Francisco Araújo Sestelo como presidente da entidade C.D. Bosco CIF nº G-36692317 e enderezo social na rúa Condessa Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11309-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. Bosco conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Feminina de Baloncesto desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Bosco desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 37.500,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. Bosco.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade C.D. Bosco desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade C.D. Bosco non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11309-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. Bosco o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Bosco (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Bosco unha subvención por importe de 37.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de elite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, do _____ de 2012.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,20 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.